

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión extraordinaria o 9 de outubro de 2017, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o *Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo*:

“ANTECEDENTES

1. A Axencia Turismo de Galicia remite, o 5 de outubro de 2017, para informe o *proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Competencia

Emítese este informe de conformidade co disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1.c) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as funcións do Consello do Turismo de Galicia a de informar, con carácter previo á súa aprobación, sobre as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.

Este proxecto de decreto ten por obxecto a modificación do Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, en concreto o seu artigo 16 no que se regulan as garantías que deben constituír as empresas organizadoras e as retallistas de viaxes combinadas, de xeito que se dea una axeitada transposición á Directiva 90/314/CEE, do 13 de xuño de 1990, relativa aos viaxes combinadas, as vacacións combinadas e os circuítos combinados.

2. Marco xurídico

- Os artigos 148.1.18 da Constitución española e 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispoñen que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo dentro do seu ámbito territorial.

- En base ao citado título competencia apróbase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, na que se regulan as empresas de intermediación (artigos 81 e seguintes). De conformidade co disposto no artigo 81, son empresas de intermediación turística aquelas que, reunindo os requisitos que se determinen regulamentariamente, se dediquen profesional e habitualmente ao exercicio de actividades de asesoramento, mediación e organización de servizos turísticos, coa posibilidade de que utilicen medios propios para levalas a cabo.

Pola súa banda, o artigo 82 clasifica as empresas de intermediación en axencias de viaxes e centrais de reserva, remitíndose para a fixación dos requisitos para ambos os dous grupos ao desenvolvemento regulamentario.

En tanto non se desenvolvan estes preceptos, e ao abeiro do disposto na Disposición transitoria primeira, serán de aplicación ás empresas e actividades turísticas a normativa actual, resultando de aplicación as axencias de viaxes o Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo.

- Segundo consta no expediente remitido pola Axencia Turismo de Galicia, como consecuencia da denuncia formulada ante a Comisión Europea pola asociación de consumidores e usuarios FACUA contra o Estado español, por transposición incorrecta do artigo 7 da Directiva 90/314/CEE, do 13 de xuño de 1990, relativa aos viaxes combinadas, as vacacións combinadas e os circuitos combinados, segundo a redacción dada no artigo 163 do Real Decreto Lexislativo 1/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral para a defensa xeral dos consumidores e usuarios, a Comisión Europea considerou que a lexislación española (estatal e autonómica) era incompatible co citado artigo 7 (o dito artigo require que os organizadores o retalistas que sexan parte no contrato faciliten probas suficientes de que, en caso de insolvencia ou quebra, queden garantidos o reembolso dos fondos depositados e a repatriación do consumidor). Por esta razón, o Estado español modificou ese artigo 163, mediante a disposición final décimo sétima da Lei 15/2015, do 2 de

xullo, da xurisdición voluntaria, dándolle unha redacción coherente coa interpretación realizada polas autoridades europeas, no que se establece:

“Artigo 163. Garantía da responsabilidade contractual.

1. Os organizadores e detallistas de viaxes combinadas terán a obrigaón de constituír e manter de maneira permanente unha garantía nos termos que determine a Administración turística competente, para responder con carácter xeral do cumprimento das obrigaóns derivadas da prestación dos seus servizos fronte aos contratantes dunha viaxe combinada e, especialmente, en caso de insolvencia, do reembolso efectivo de todos os pagos realizados polos viaxeiros na medida en que non se realizaron os servizos correspondentes e, no caso de que se inclúa o transporte, da repatriación efectiva dos mesmos. A esixencia desta garantía suxeitarase en todo caso ao establecido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

2. Tan pronto como sexa evidente que a execución da viaxe combinada véxase afectada pola falta de liquidez dos organizadores ou detallistas, na medida en que a viaxe non se execute ou se execute parcialmente ou os prestadores de servizos requiran aos viaxeiros pagar por eles, o viaxeiro poderá acceder facilmente á protección garantida, sen trámites excesivos, sen ningunha demora indebida e de forma gratuíta.

3. En caso de executarse a garantía, deberá repoñerse no prazo de quince días, ata cubrir novamente a totalidade inicial da mesma.”

Ao longo do ano 2016 formouse un grupo de traballo integrado por representantes de catorce Comunidades Autónomas e do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio co obxecto de elaborar un texto harmonizado adecuado á nova redacción dese artigo 163, como punto de partida para realizar as correspondentes modificacións regulamentarias autonómicas nesta materia, dada a remisión que se fai no citado precepto ás Administracións turísticas competentes para determinar os termos nos que se deberá constituír a citada garantía. No mes de abril de 2016, ese grupo de traballo acordou un borrador de texto harmonizado para cumprir coa necesidade de adecuar a normativa autonómica sobre viaxes combinadas á nova redacción do artigo 163 do Texto refundido da Lei xeral para a defensa de consumidores e

usuarios e aos requirimentos que establece o Proxecto Piloto 6617/14/JUST da Comisión Europea.

Unha vez acadado ese consenso, resulta necesario modificar o artigo 16 Decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, no que se regulan as garantías que deben constituír as axencias de viaxes, para cumprir con ese mandato das autoridades europeas e establecer un mecanismo máis áxil e eficaz de protección das persoas usuarias turísticas fronte as supostos de insolvencia e quebra dos organizadores e retallistas de viaxes combinadas, en relación co reembolso dos fondos depositados e a repatriación das persoas usuarias.

A modificación realizada contempla a necesidade de que os organizadores e os retallistas de viaxes combinadas constitúan, con carácter previo ao exercicio da súa actividade, e de xeito permanente unha garantía, baixo a modalidade de fianza individual ou colectiva ou contrato de seguro para cada viaxe combinada individual, coa fixación duns importes mínimos das garantías individuais, correspondentes a un 5% do volume de negocios do operador en relación coas viaxes combinadas. Esta garantía ten por obxecto proporcionar protección ás persoas usuarias turísticas fronte á quebra ou insolvencia daqueles.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o proxecto de decreto 42/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de axencias de viaxes, guías de turismo e turismo activo, pola a súa adecuación á normativa sectorial vixente.”